

No próximo mes de xuño de 2022 comezara o desenvolvemento dos procedementos selectivos de ingreso e acceso aos distintos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, convocados pola Orde do 28 de xaneiro de 2022, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 20, do 31 de xaneiro de 2022.

A Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, no artigo 2.1 autoriza unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estando dotadas orzamentariamente, estiveran ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

E as disposicións adicionais sexta e oitava da mesma lei 20/2021, prevén unha convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal polo sistema de concurso.

Dadas as expectativas xeradas en determinado persoal docente interino e substituto pola próxima convocatoria do concurso de méritos que deberá publicarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2022, e tendo en conta o reducido número de prazas que se ofertarán no concurso-oposición derivado do artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, non parece aconsellable

obligar ao persoal docente interino e substituto a presentarse aos procedementos selectivos convocados no ano 2022.

Por esta razón, engádesse una disposición transitoria cuarta ao Acordo do 20 de xuño de 1995 entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO, UGT-SP ENSINO e CSIF e polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, coa seguinte redacción:

#### Disposición transitoria cuarta

O persoal docente interino e substituto que presta servizos en calquera especialidade na Comunidade Autónoma de Galicia non estará obrigado a participar nos procedementos selectivos para ingreso nalgún corpo da función pública docente que se convoquen no ano 2022.

Santiago de Compostela,